

SÁBADO 19 DE MAIO - 12:00 HORAS

“Proposta de escoita” a cargo de PATRICIA CASTRO

- E. BOZZA (1905-1991).....“Nocturne - Danse”
G. ROSSINI (1792-1868).....Concerto para fagot
I. Allegro
II. Largo
III. Rondo
W. OSBORNE (1906-1979).....“Rhapsody”
A. ZEMLINSKY (1871-1942).....Trío en re menor op. 3
I. Allegro ma no troppo
II. Andante
III. Allegro

SÁBADO 26 DE MAIO - 12:00 HORAS

“Proposta de escoita” a cargo de DARÍO MARIÑO

- W. A. MOZART (1756-1791).....Quinteto para clarinete, K. 581
I. Allegro
II. Larghetto
III. Menuetto
IV. Allegretto con variazioni
L. van BEETHOVEN (1770-1827)....Septeto en mib maior, Op. 20
I. Adagio - Allegro con brio
II. Adagio cantabile
III. Tempo di Menuetto
IV. Tema con variazioni (Andante)
V. Scherzo (Allegro molto e vivace)
VI. Andante con moto alla Marcia - Presto

CONCERTOS DE MEDIODÍA

“Proposta de
escoita”



PATRICIA CASTRO

FAGOT

DARÍO MARIÑO

CLARINETE



Salón de Actos do Museo de Belas Artes
Rúa Zalaeta s/n 15002 · A CORUÑA





PATRICIA CASTRO

Patricia Castro Vázquez comeza os seus estudos de clarinete á idade de 10 anos no Conservatorio Profesional de Música de Lalín xunto aos profesores Marcel van Bree e Joaquín Meijide e asistindo a cursos con Michel Carulli, Vicente Alberola... Aos 15 anos abandona o clarinete e empeza os seus estudos de fagot co profesor Gëzim Malaj no mesmo conservatorio, obtendo o título de Grado Medio en 2003. Actualmente está finalizando o Grado Superior de música na especialidade de fagot no Musikene (Conservatorio Superior de Música do País Vasco) cos profesores David Tomás, Javier Aragón, Edurne Santos e Vicente Alberola.

Entre os cursos 2002 - 2005 realizou Prácticas Orquestrais de Fagot na Orquestra Nova da Orquestra Sinfónica de Galicia.

En novembro de 2006 conseguiu o 2º Premio no “V Concurso de Novos Intérpretes Musicais José Valcárcel”.

Foi invitada por diferentes orquestras como a Orquestra Ciudad de Granada, Orquestra da Filharmonía de Galicia, Orquestra de Cámara Galega, Orquestra Giuseppe Tartini de Roma, e estivo baixo a batuta de Antoni Ros-Marbá, Lutz Köhler, Yoav Talmi, Thomas Indermühle, Anthony Pay, James Ross, Rubén Gimeno, Alberto Zedda, Pietro Rizzo, Michael Gilbert.

Participou nas estreas absolutas de: “No Balneario de Mondariz” e “Intres Porriñenses” do compositor Rogelio Groba, “Don Chisciotte”, ópera do compositor Manuel García, “Debla” concerto de fagot de Sara Varas (estrea gravada para Radio Clásica no Ciclo Musical “Musikaste” de Rentería),

Realizou viras por toda España e polo estranxeiro e colaborou en diferentes gravacións, a última cos clarinetistas baixos Henri Bok e Joaquín Meijide.



DARÍO MARIÑO

Darío Mariño Varela nace en 1985 en Santiago de Compostela. Á idade de 7 anos inicia os seus estudos de clarinete no Conservatorio Municipal de Música de Betanzos (A Coruña), proseguindo o Grado Medio no Conservatorio Profesional de Música da Coruña con 12 anos e o Grado Superior como número un nas probas de acceso ao Conservatorio Superior Estatal da mesma cidade. Actualmente cursa cuarto curso. Segue unha formación paralela: 2002/04 consegue a única praza ofertada para la “Escuela de Altos Estudios Musicais de Galicia”, ligada á “Real Filharmonía de Galicia”, en 2004 estuda na “Academia Progreso Musical” de Madrid, co clarinetista Vicente Alberola e desde 2007 participa en Música de Cámara na Cátedra de Viola da Prof. Tabea Zimmermann na “Hochschule für Musik ‘Hanns Eisler’” de Berlín.

Así mesmo, participa en diversos cursos-masterclases, entre eles Vicente Pérez Piquer (1998), Guy Deplus (2000), Walter Boeykens (2002), e é bolseiro en 2004 e 2006 pola “Stiftung Gustav Mahler - Musik und Jugend” para participar na “Accademia Gustav Mahler” en Bolzano, Italia, creada por Claudio Abbado.

Realiza continuada actividade orquestral: desde 2002 “Gustav Mahler Jugendorchester” (GMJO) - Nova Orquestra Gustav Mahler-, baixo a dirección de Claudio Abbado, Franz Welser-Möst, Ingo Metzmacher, Philippe Jordan e Myung-Whun Chung e con xiras polos principais auditorios de Italia, República Eslovaca, Hungría, Rusia, Austria, Inglaterra, Alemaña, España, Suíza, Portugal e Escocia. É primeiro clarinete desde 2005; 2002/04 “Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia”; 2002/04 “Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia” (OJSG); 2003/06 “Joven Orquesta Nacional de España” (JONDE), conseguindo o número un nas audicións; 2004 e 2006 “Orchestra della Accademia Gustav Mahler”, como primeiro clarinete e tocando en Italia e Hungría; 2004 en diante colabora coa “Orquesta Sinfónica de Galicia” (OSG) como Clarinete Principal - asistente; 2005 colabora coa “Orquesta Ciudad de Oviedo” (OSCO); desde 2005 colabora coa “Münchener Kammerorchester” (MKO) - Orquestra de Cámara de Munich- como Primeiro clarinete e tocando en Alemaña e Suíza e é a miúdo requirido por orquestras como “Orquesta Sinfónica de Castilla y León”, “Orquesta Sinfónica de Extremadura”, “Orquesta del Palau de les Arts de Valencia”.

Foi dirixido, entre outros, por Claudio Abbado, Franz Welser-Möst, Christoph Müller, Lutz Köhler, Christoph Poppen, Alberto Zedda, Ingo Metzmacher, Jesús López Cobos, Philippe Jordan, Víctor Pablo Pérez, Josep Pons, Libor Pešek, Myung-Whun Chung, Pietro Rizzo, Christopher Hoogwood, Alexander Liebreich, James Ross, Gustav Kühn, Rubén Gimeno, Emanuel Schulz, Lanfranco Marcelletti, José Miguel Pérez Sierra, Giovanni Antonini, Stanislaw Skrowaczski, Carlo Rizzi, Antonello Manacorda...

Tocou con solistas como Anna Larsson, Matthias Goerne, Simon Keenlyside, Joaquín Soriano, Nikolai Lugansky, Swingle Singers, Hansjörg Schellenberger, Steven Isserlis, Isabelle Faust, Ewa Kupiec, Juan Diego Flórez, Daniela Barcellona, Juliane Banse, Monica Bacelli, Susan Graham, Lars Vogt, Jeanine Jansen. Así mesmo, fixo Música de Cámara con intérpretes como Christiane Karajeva ou Melvyn Tan.

Membro do Quinteto de Sopros “Quintetto Ensemble Papageno”, con sede en Italia e co que realiza continuada actividade, coa súa estrea na “Accademia Filarmonica di Bologna”, Italia.

Futuros proxectos inclúen concertos como solista, música de cámara, dirección de orquestra e unha xira con orquestra por América Latina.

MÚSICOS

SÁBADO 19

PATRICIA CASTRO, FAGOT
GENARO FERNÁNDEZ, PIANO
JOAQUÍN MEIJIDE, CLARINETE

SÁBADO 26

DARÍO MARIÑO, CLARINETE
STEFAN MARINESCU, VIOLÍN
RAFAEL MUÑOZ-TORRENDO, VIOLÍN
LUIGI MAZZUCATO, VIOLA
BLANCA LÓPEZ, VIOLONCELLO
TODD WILLIAMSON, CONTRABAIXO
J. VICENTE CASTELLÓ, TROMPA
MANDEL VEIGA, FAGOT



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLARÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Promoción Cultural



AULA CÁMARA
conservatorio superior de música de a coruña